

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A CONGREGACIÓN HERMANAS MERCEDARIAS DE LA CARIDAD PARA O MANTEMENTO DE VIVENDAS DE TRANSICIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PREVIAS A UN RECURSO DE ACOLLIDA, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade formalizou con data 30 de maio de 2024 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad para o mantemento de vivendas de transición para mulleres que sofren violencia de xénero, que sexan derivadas a través da Rede galega de Acollemento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad é unha entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, rexistrada no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia cuxas áreas de actuación son a familia, a igualdade, a infancia e os menores e que ten entre os seus obxectivos:

- Protexer á muller e/ou ás persoas dependentes dela, os seus fillos e fillas, ofrecéndolle un espazo seguro e inmediato que evite novos episodios de malos tratos.
- Facer visible socialmente e na comunidade o problema da violencia de xénero e denunciar a inxustiza social que supón a violencia de xénero.
- Favorecer a adquisición de independencia e autonomía persoal das mulleres, ofrecendo os recursos oportunos ao seu momento vital e contribuír á súa total recuperación.



- Proporcionar apoios, recursos e servizos a todas as persoas en situación de dependencia para que poidan desenvolver o seu proxecto de vida, promovendo e favorecendo o seu benestar, a súa autonomía e a súa inclusión social e asegurar o exercicio de roles da cidadanía plena.
- Desenvolver accións preventivas dirixidas a protexer de forma específica a menores e familias en dificultade social, velando así polo cumprimento dos seus dereitos fundamentais e atendendo as súas necesidades específicas.
- Prestar unha atención integral do menor que contempla todas e cada unhas das distintas dimensións que conforman a vida da persoa (biolóxica, social, cultural, educativa, espiritual, emocional e/ou afectiva).

Ademais, e na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular de dous centros, un centro de Menores para a atención integral de nenos e nenas en situación administrativa de desamparo ou risco, que estean tutelados ou en situación de garda pola Xunta de Galicia e unha minirresidencia.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio coa Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad para o financiamento do mantemento de vivendas de transición para mulleres que sofren violencia de xénero, que sexan derivadas a través da Rede galega de Acollemento.

Ten como finalidade proporcionar apoio, aloxamento, manutención e atención integral a estas e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e de recuperación.

O recurso facilitará con carácter inmediato, o aloxamento e protección necesarios tentando ofrecer polo tanto unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade ante unha situación de crise ou emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, no que o interese prioritario é poder ofertar recursos ás vítimas de violencia de xénero e para as e os menores que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, xa que se trata dun



recurso dirixido á atención integral inicial das mulleres vítimas de malos tratos e dos seus fillos e fillas, con carácter urxente e transitorio e de curta estancia, en tanto non exista dispoñibilidade nos recursos normalizados de acollida de Galicia ou doutra Comunidade Autónoma.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio posto que a Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais é titular das vivendas tuteladas "Concepción Arenal", vivendas de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero que cumpren os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

